

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ÁREA SANITARIA COMPOSTELÁ ALBERGARÁ O CENTRO DE PROTONTERAPIA QUE DARÁ ASISTENCIA A TODA GALICIA

- Entre os dez hospitais españois escollidos para realizar esta terapia, o CHUS é un deles
- Supón un enorme impulso asistencial que abre novas oportunidades de tratamento a doentes con tumores “difíciles ou singulares” como os que se presentan na poboación pediátrica
- É unha nova forma de administrar radioterapia pero baseada nunha partícula (protón) diferente á que se usa (principalmente fotón) e que permite irradiar máis selectivamente a zona preservando todos os tecidos sans
- Os equipos de protonterapia contan co financiamento da Fundación Amancio Ortega

Santiago, 1 de decembro de 2021.- A Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza albergará un **Centro de Protonterapia** que administrará a innovadora terapia de protóns para toda Galicia e será un dos primeiros na sanidade pública nacional. Trátase dunha nova forma de administrar radioterapia coa peculiaridade de que se basea nunha partícula- o protón-, distinta á que se usa na radioterapia convencional, que é principalmente o fotón. A diferenza radica en que os protóns irradian máis selectivamente a zona, preservando todos os tecidos sans, pois deposita a enerxía unicamente no tumor.

Supón un enorme impulso asistencial que abre novas oportunidades de tratamento a doentes con tumores “difíciles ou singulares” como os que se presentan na poboación pediátrica.

Ademáis do importante avance asistencial trátase dunha extraordinaria plataforma para a investigación en física e bioloxía da radiación.

Co financiamento da Fundación Amancio Ortega vanse adquirir dez equipos de protonterapia en España e un deles é o que se va instalar no CHUS, no entorno do Clínico. Estímase que as obras comezan a mediados do 2022 e que, de ser así, os pacientes poidan tratarse no 2024. Pola súa banda, do custe do edificio, do persoal e do mantemento encargárase a Xunta de Galicia. Serán uns 20 profesionais que formarán o cadro de persoal do centro onde traballarán oncólogos radioterapeúticos, radiofísicos, enxeñeiros, persoal de enfermería e técnicos de radioterapia. Con respecto ás especialidades implicadas nas indicacións son oncoloxía médica, cirurxía, traumatoloxía, pediatría, neurocirurxía, oftalmoloxía e anestesia.

A proximidade a un hospital referente en múltiples patoloxías neoplásicas e que dispón de todas as especialidades que están claramente implicadas nas principais indicacións da protonterapia, así como a existencia dun entorno académico e de investigación e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolvemento con gran impulso en investigación básica e traslacional, que redunda nun beneficio directo para os pacientes, son os principais motivos polos que a área sanitaria compostelá acolla para toda Galicia o novo centro de protonterapia.

Segundo o xefe do servizo de Oncoloxía Radioterápica da Área Sanitaria de Santiago , Antonio Gómez Caamaño, "o novo Centro de Protonterapia é un proxecto integrador no que vai estar implicado todo o sistema sanitario de Galicia, tanto no desenvolvemento do proxecto como na execución e posta en marcha do mesmo". O doutor Miguel Pombar, xefe de servizo de Radiofísica, incide nisto mesmo indicando "a importancia da integración no proxecto de todos os servizos de oncoloxía Radioterápica de Galicia tanto na selección dos pacientes como no seguimento do tratamento".

Saúdos